

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense; María Mangana Guede e Xosé Manuel Puga González deputados do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN PARA ESIXIR DA XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E MITIGACIÓN CONTRA A PREVISIBLE AFECTACIÓN Á CABANA GANDEIRA OURENSANA DA EHE (ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE), que apareceu en Galiza en 2023, supuxo nese ano e sobre todo en 2024 unha das maiores crises sanitarias no sector gandeiro Ourensán dos últimos anos.

As características propias da nosa provincia fan que esta enfermidade poda ter unha especial incidencia e afectación (tal e como xa ocorrera no ano pasado).

Xa no pleno ordinario desta Deputación Provincial do mes de setembro de 2024 debatemos e falamos profusamente, e de feito tomamos unha serie de acordos por unanimidade na que se reclamaba da Xunta de Galiza un plan de axudas e apoio técnico para as explotacións afectadas; pero especialmente RECLAMÁBASE un “plan de acción” preventivo e de detección para a campaña 2025.

Chegado o mes de maio de 2025 comezan a detectarse animais con síntomas compatibles con EHE (aínda que a día de hoxe non hai confirmación oficial do virus, mais sabemos que vai vir) e non se aporta orientación ningunha por parte da Consellería do Medio Rural. Os Servizos veterinarios das Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) tampouco están informados de protocolos nin de como actuar. A ausencia de formación, prevención e información repite o caos de 2023 e 2024.

Non hai un plan preventivo pese á experiencia previa.

Certo é que existe una vacina deseñada especificamente para protexer contra o serotipo 8 do virus da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE), que é o serotipo actualmente en circulación en Galiza. Segundo a Axencia Europea de Medicamentos (EMA), esta vacina proporciona inmunización activa para previr a viremia causada polo serotipo 8 en gando bovino.

Actualmente a vacina está dispoñible no mercado pero a súa administración non é obrigatoria e a decisión de vacinar recae nas gandeiras e gandeiros, que tamén deben asumir o seu custo.

Pero o máis importante nestes momentos é a posta en marcha do “plan de acción” para a prevención e a detección, tal e como tiñamos acordado en setembro de 2024.

Por todo iso propoñemos os seguintes acordos.

ACORDOS

1. Reclamar da Xunta de Galiza a adopción das seguintes medidas no que ten que ver coa EHE gandeira:
 - a. Fixar unha partida orzamentaria destinada a indemnizar os casos de EHE, tanto os que rematen coa morte do animal coma os tratamentos destinados a paliar os síntomas da enfermidade e os servizos veterinarios derivados desta.
 - b. Subvencionar a vacinación voluntaria contra o virus da EHE, para todas aquelas ganderías que soliciten as doses, custeando o tratamento e o servizo veterinario derivado da vacinación, favorecendo a inmunización da cabana gandeira ourensán e galega.
 - c. Moi especialmente, a posta en marcha dun “plan de acción” con medidas preventivas e formativas co obxectivo de que a afectación á cabana gandeira da provincia sexa a menor posible

Ourense, 12 de maio de 2025

Asdo: Bernardo Varela López
Portavoz do Grupo Provincial do BNG de Ourense

A SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE